

## O QUEBRACABEZAS 2008

Convócase o Quebracabezas 2008 que se rexerá polas seguintes bases.

### 1. PARTICIPANTES.

O concurso vai destinado a tódolos alumnos matriculados no presente curso no IES TERRA DE TRASANCOS e no 3º ciclo do CEIP A GÁNDARA.

### 2. INSCRICIÓN.

A inscrición está aberta ata o día 11 de abril nos departamentos de orientación de ambos centros ou utilizando o cuestionario correspondente da páxina

[www.trasancos.net](http://www.trasancos.net).

### 3. CONTIDO E DURACIÓN.

O concurso consiste en propoñer semanalmente dous problemas ou adiviñas relacionados coa lóxica ou as matemáticas.

Cada problema puntuará de 0 a 2 puntos, e os concursantes non poderán reclamar a puntuación outorgada.

A duración será de 6 semanas, dende o 11 de abril o 25 de maio de 2008.

### 4. PREMIOS

A entrega de premios terá lugar no Festival de Fin de Curso.

Haberá dous premios por categoría, un primeiro premio por valor de 90 euros, e un segundo premio por valor de 60 euros.

Resultará gañador do concurso o alumno que obteña maior número de puntos ó longo das 6 semanas. En caso de empate gañará o concursante que:

- a. Participase un maior número de semanas.
- b. Respondese correctamente as dúas cuestións un maior número de semanas.
- c. Cometese menos erros nas respostas ó longo do concurso.

De manterse o empate repartiríase a dotación do premio a partes iguais entre os concursantes empatados.

### 5. CATEGORÍAS

Establécense tres categorías:

- a. Para alumnos de 3º ciclo de E.P.
- b. Para alumnos de 1º, 2º e 3º da ESO
- c. Para alumnos de BAC e Ciclos Formativos.

### 6. ENVÍO DAS RESPOSTAS

Os alumnos terán que enviar a solución dende o cuestionario que atoparán na páxina web do IES TERRA DE TRASANCOS.